

## ACTA DA ASAMBLEA XERAL TÉCNICA

En Santiago de Compostela (Colexio Maior Rodríguez Cadarso), sendo ás 10:00 horas do **sábado 30 de novembro de 2024**, reúnese a Asamblea Xeral Técnica da Federación Galega de Orientación (Fegado) en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecida e comunicade, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 8 dos seus 33 membros, todos eles representados en tempo e forma:

### 1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (13 de 22):

|   | Presente | Ausente |
|---|----------|---------|
| Vizhoja-Cornelios (As Neves) > Diego Fernández Sánchez    |          | X       |
| CDM Xesteiras (Pontevedra)                                |          | X       |
| Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo | X        |         |
| A.D.C. Arnela (Porto do Son)                              |          | X       |
| Gallaecia Raid (A Coruña)                                 |          | X       |
| S.M. Ártabros (A Coruña) > Alfonso Mancera Bello          | X        |         |
| Fluvial de Lugo (Lugo)                                    |          | X       |
| Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras)               |          | X       |
| A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)                       |          | X       |
| Aromón Pontevedra (Pontevedra) > Adrián Moreira Alonso    | X        |         |
| Universidade de Vigo (Vigo) > Vicente Pastoriza Santos    | X        |         |
| VigoOrienta (Vigo)  |          | X       |
| A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)                           |          | X       |
| Brigantia Aventura (A Coruña)                             |          | X       |
| Club de Orientación Coruña (A Coruña)                     |          | X       |
| Club Montaña Ferrol (Ferrol)                              |          | X       |
| Club O Pasatempo (Betanzos)                               |          | X       |

|   |  |   |
|---|--|---|
| Club Objetivo Trail (Pontevedra)                          |  | X |
| Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)             |  | X |
| Club SEO (Ordes)  |  | X |
| Club USC (Santiago de Compostela) > Pelayo García Acevedo |  | X |
| Club Vichelas (Guitiriz)                                  |  | X |
| A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)                         |  | X |

## 2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (2 de 8):

|                              | Presente | Ausente |
|------------------------------|----------|---------|
| Lucía Parga Basanta          |          | X       |
| Borja Varela Paz             |          | X       |
| Laura Garrido Martínez       |          | X       |
| Enrique Luis Álvarez Estévez | X        |         |
| Yolanda García González      |          | X       |
| David Lareo Martínez         |          | X       |
| Victoria López Permuy        |          | X       |

## 3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

|                      | Presente | Ausente |
|----------------------|----------|---------|
| Ángel Álvarez Serto  | X        |         |
| Teresa Bellón Santos | X        |         |

## 4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

|                        | Presente | Ausente |
|------------------------|----------|---------|
| Pablo A. Aller Estévez |          | X       |
| Candela Puime López    |          | X       |

Dada a ausencia xustificada da Presidenta (Sonia Gómez Naya) e do Secretario (Roberto Amarelle Garabán) actuarán como presidenta e secretaria accidental a Vicepresidenta (Claudia Oreiro Chapela) e a vogal de MTB-O (Alicia Pérez Alonso), respectivamente.

Tamén asisten, con voz pero sen voto Jorge Piñeiro Portela (director técnico) e Adrián Pérez Alonso (vogal de RAID). Asiste online Rubén Carballo Morán.

## ORDE DO DÍA

### 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da Acta da Asamblea Xeral Técnica do 02-12-2023.

Toma a palabra a Presidenta accidental da Fegado agradecendo en primeiro lugar a asistencia dos presentes, e aclarando que os presentes teñen voto e os conectados online somentes poden escoitar e non votar as propostas. A continuación indica que debido a un erro na redacción da convocatoria figura o Club Raza Palleira cando realmente este club non é membro electo da Asamblea, polo que terá voz, pero non voto. Tamén figura o Club Objetivo Trail.

Unha vez recollida esta enmenda procédese á votación da acta da Asamblea Xeral Técnica do 2 de decembro de 2023, resultando aprobada por unanimidade dos presentes (8 votos a favor, ningún en contra, ningunha abstención).

### 2º.- Propostas de enmenda aos diferentes reglamentos e normas anuais vixentes.

Toma a palabra o Director técnico Jorge Piñeiro, para explicar as propostas de enmenda dos reglamentos e das normas anuais vixentes, agradecendo en primeiro lugar a presenza dos participantes nesta Asamblea, comentando a falta de participación habitual da mesma e o descoñecemento xeral dos reglamentos, e aumentos de queixas. Xustifica a decisión de facer as Asambleas de maneira presencial por problemas de contabilización de votos de forma telemática e facilidade para o debate colectivo que presenta.

Acto seguido expóñense as diferentes propostas de enmenda procedendo a votación de cada unha delas por separado:

- *Proposta 1, Sobre licenza de cronometraxe en OP, MTBO, RAID e TRAIL-O. Presentada por Alfonso Mancera*  
Jorge Piñeiro expón que a proposta ven de FEDO e a obligatoriedade de posuir licenza de cronometraxe para controlar probas, que se faría análoga en FEGADO. Expresa a opinión de que debe incluírse en regulamento. Alfonso Mancera expón que de maneira análoga con outras federacións, deberíamos regular regular os estamentos e que funcionen de maneira apropiada.

Adrián Moreira pregunta si tódolos clubs van ter técnicos para control de probas. Tras varias intervencións aclarando diferentes aspectos, procédese á votación da proposta, sendo aprobada por unanimidade dos presentes (8 votos a favor)

- *Proposta 2, Sobre dobre sistema de cronometraxe. Presentada por Alfonso Mancera.*

Jorge Piñeiro aclara que a pinza mecánica está considerada como sistema secundario de control de tempos, pero discútese que a pinza tradicional non é un control de tempos, somentes de paso polo control. Alfonso Mancera propón que se elimine o texto no regulamento, xa que ese artigo non se está cumprindo na actualidade. Varias opinións na sala álzanse en favor de eliminar o punto no regulamento, ou se cambia a redacción do mencionado artigo. Jorge propón que se cambie o texto análogo a FEDO: que se propoña como segundo sistema de control de paso. Claudia propón a redacción de modificar a norma 26.6 que di “segundo sistema de toma de tempos” e ten que cambiar a “segundo sistema de control de paso”, esto é o que se procede a votar e se aproba por unanimidade (8 votos a favor)

- *Proposta 3, Sobre licenza de trazados. Presentada por Alfonso Mancera.*

Jorge Piñeiro expón que será de Normas anuais OP, MTBO e extensible a TRAIL-O, e aclara de que hai máis deportistas nese caso en FEGADO dos que FEDO contempla nos seus arquivos. Mancera defende que si eses casos existen, se pode considerar que teñen nivel I. Piñeiro aclara que MTBO vai por un lado, e OPE e TRAIL-O

vai por outro. Mancera aclara que iso está en sintonía de cambio cara á unificación, e defende que hai que consultar os rexistros existentes para comprobar quen ten ou non ás titulacións, de maneira persoal, e comprobar que son correctos os rexistros.

Faise debate na sala sobre a obrigatoriedade contra as necesidades de clubs, que non posúan titulados, e pode ser traba que condicione o calendario. Jorge Piñeiro aclara que o regulamento FEGADO non existe nada sobre trazadores, citando algún artigo onde se podería encaixar e recoller isto no regulamento, Alfonso Mancera indica que se pode modificar á proposta mantendo o senso de chegar á obrigatoriedade.

Vótase a proposta como “recomendación” para o ano 2025 de que todos os cartógrafos que fagan probas teñan titulación nivel I FEDO, e que se obrigue no ano seguinte 2026. Coa nova redacción a proposta queda aprobada con 7 votos a favor (Enrique Álvarez, Artabros, UVigo, Angel A. Serto, AROMON, Teresa Bellón e Compás) e 1 abstención (Presidencia).

- *Proposta 4, Sobre rexistro de mapas para todas as disciplinas (non RAID). Presentada por Alfonso Mancera.* Jorge Piñeiro aclara algún aspecto da proposta con respecto a FEDO con debate na sala. Procédese á votación engadindo á proposta o texto “en calquera modalidade”, é aprobada con 5 votos a favor (Uvigo, Angel A. Serto, Teresa Bellón e AROMON) e 3 abstencións (Enrique Álvarez, Compás e Presidencia)

- *Proposta 5, Sobre participación de cartógrafos e puntuación de ranking. Presentada por Martín Morales.* Expón Piñeiro os motivos que defende á proposta, desglosando a mesma para votar por separado os 2 aspectos.

- a) no artigo 6.5 incluír puntos como organización, cartógrafo e xuíces, que se aproba por unanimidade.
- b) se establece un ano, no lugar de 3 propostos, e se aproba por unanimidade dos presentes.

- *Proposta 6, Sobre puntuacións de ranking. Presentada por Pablo Aller.* Recházase á proposta por unanimidade.

- *Proposta 7, Sobre puntuacións de ranking en Trail-O. Presentada por Javier Arufe.*

Expón Jorge que todos os axentes que participan na disciplina están a favor desta proposta tras ser consultados. Queda aprobada por 7 votos a favor (Uvigo, Ártabros, Ángel A. Serto, AROMON, Tere Bellón, Compás e presidencia) e 1 abstención (Enrique Álvarez).

- *Proposta 8, Sobre redución de categorías. Presentada por Jorge Piñeiro*

Jorge Piñeiro defende a súa proposta como presente sen voto.

Votación 1. Supresión de 6 categorías; apróbase con 7 votos a favor (Enrique Álvarez, Artabros, Uvigo, AROMON, Tere Bellón e Compás) e 1 abstención (Ángel A. Serto)

Votación 2. Supresión de 2 categorías B; apróbase por unanimidade.

Votación 3. Cambio de denominación de categorías elite e elite feminino a senior e senior feminino e renomear, en consecuencia as categorías F-21A e M-21A a F-21 e M-21. Apróbase por unanimidade.

Votación 4. Demorar a creación de categorías M – F 65. Apróbase por 7 votos a favor (Enrique Álvarez, Uvigo, AROMON, Ángel A. Serto, Tere Bellón, Compás e Presidencia) e 1 abstención (Ártabros).

- *Proposta 9, Agrupación de propostas. Presentadas e defendidas por Adrián Pérez.*

*1a sobre formato resultados/ datos enviados a ranking.*

A Asamblea propón que exista, ademais, unha plantilla colgada na web FEGADO dos datos requeridos. Apróbase por unanimidade.

*1b sobre aclaración de ranking MTBO-O.*

---

Apróbase por unanimidade.

*1c sobre prohibición de puntuar como organización.*

Aclárase que aplicaríase para ranking de OPE e MTBO, pero en lugar de cambiar o texto citado, sería engadir á frase proposta, sen eliminar texto na norma actual. Apróbase con 7 votos a favor (Enrique Álvarez, Ártabros, Uvigo, Ángel A. Serto, AROMON, Teresa Bellón e Presidencia) e 1 abstención (Compás).

*2 sobre regulamento particular de RAID.*

Jorge Piñeiro matiza a proposta, cunha nova redacción que xa estexa contemplada no regulamento FEDO existente, en lugar da frase “norma superior” que se propón na enmenda e que pode xerar dúbidas. Apróbase por unanimidade.

*3a sobre categorías en remudas.*

Jorge Piñeiro propón que se chame “Open Remudas” en nc e se engade á votación deste xeito, abstención en unanimidade da proposta, para debatela nunha mesa de traballo posterior sobre “regulamento das remudas”.

*3b sobre promoción en MTBO.*

Ábrese debate explicando a proposta. Apróbase con 6 votos a favor (Enrique Álvarez, Uvigo, Ángel A. Serto, AROMON, Compás e Presidencia) e 2 abstencións (Ártabros e Teresa Bellón)

*3c sobre participación e nomes de categorías open ou promoción.*

Non se vota e aprázase a súa discusión a futuro.

*4 Sobre participación menores en RAID.*

Expónse que a proposta absorbe redacción existente en FEDO, e iníciase un debate sobre a mesma, concluíndo que se instará a FEDO a considerar esta situación legal no regulamento nacional. A proposta é rexeitada por unanimidade.

*5 Sobre puntuación ranking con probas internacionais.*

Jorge Piñeiro comenta que no texto habería que modificar que, en caso de producirse, o precepto sempre debería ser aprobado en Asamblea, nunca en Xunta Directiva, polo que habería que eliminar esa opción. Aclárase que as competicións nesa situación poderían non ser de Liga Galega, e que os competidores deberían decidir en cal queren puntuar en ranking. Rexéitase a proposta con 7 votos en contra (Compás, Artabros, Uvigo, Enrique Álvarez, Presidencia, AROMON e Teresa Bellón) e 1 abstención (Ángel A. Serto)

*6 Sobre fóra de control en RAID.*

Aclárase unha nova redacción para o regulamento. Vótase á proposta con abstención por unanimidade, aprazando a votación desta proposta a Asamblea Xeral.

*7a sobre ranking de RAID.*

Apróbase á proposta con 5 votos a favor (Enrique Álvarez, Compás, Ángel A. Serto, Aromon e Presidencia) e 3 abstencións (Teresa Bellón, Ártabros e Uvigo)

*7b sobre puntuación de ranking por duración de RAID.*

Apróbase con 6 votos a favor (Enrique Álvarez, Ángel A. Serto, AROMON, Teresa Bellón, Compás e Presidencia) e 2 abstencións (Ártabros e Uvigo)

*8 Sobre duración máxima de carreira de RAID.*

Apróbase por unanimidade.

---

- *Propostas 10, Sobre aspectos económicos. Presentadas por Adrián Pérez.*  
*10a sobre cambios nos prezos.*  
*10b sobre gastos e acordos en probas de tódalas disciplinas.*  
Aprázase a súa exposición e votación para a próxima Asamblea Xeral.

- *Proposta 11, Sobre ranking seleccionado ou aspirante en TRAIL-O. Presentada por Pelayo García.*  
Jorge Piñeiro expón a proposta e débátese sobre abrir esta normativa de ranking para o resto de disciplinas facendo as seguintes modificacións a tódalas modalidades, sempre baixo petición dos interesados e cambio “participación” por “puntuación” na actual norma. Apróbase por unanimidade.

- *Proposta 12, Sobre ranking fóra de control en TRAIL-O. Presentada por Pelayo García.*  
Exponse a proposta e apróbase por unanimidade.

### **3º.- Rogos e preguntas.**

Non hai rogos nin preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asamblea Xeral Técnica, co agradecemento da Presidenta accidental a todos e todas os/as presentes, sendo as 13:45 horas do mesmo día 30 de novembro de 2024.